

**ODA PARA O POETA
MANOEL RODRÍGUEZ LÓPEZ**

Un meniño de seis anos
A Cataluña emigrou,
Deixa pobo e deixa avós
A sua terra deixou.

Paradela e o seu verce
Barcelona a gran cidade
A viaxe dende lonxe
Con delor e humildade.

O tren non acaba nunca
Non acaba de de pasar
Ruxe, ruxe, pita, pita
Non sabe se chegará.

Or arbres que van pasando
Montes , leiras , verdes vals
Todo deixa na viaxe
O mundo que vei pasar.

Un día enteiro no tren
Cansadiño o neno vai
No colo durme o meniño
No colo de mai e pai.

Grandes ruas, moitas luces
Casas arreo se ven
O milagro da cidade
Un milagro que non é.

Coa familia, e na escola
Foi medrando aquel pequeno
Con bondade intelixente
Manoliño vai para crego.

No monte da Conrrería
No Seminario Menor,
Con sotana e con bonete
Manolo faise maior.

Sempre brila no traballo

Todo ben feito abofé
Latín, grego , humanidades,
Todas ciencias do saber.

Manoliño faise mozo
Ten conciencia do deber,
Vocación leva esixencia
De entrega e home de ben.

Pensando o noso moziño
Deixa o camiño de Deus
Colle o camiño da vida
E amor sempre por os seus.

Fórmase en libros de contas
Dirección de personal,
Para traballar na OSSA
Con xustiza universal.

De Valcarca a Plaza España,
Cada día ha de baixar,
A que o leve a bus de empresa
A Zona Franca a traballar.

Mentres viaxa no metro,
Escribindo o seu pensar
A carón tantos obreiros
Cansadiños de loitar.

Non se lle escapa un detalle
Sentimento ou impresión,
Da loita por os obreiros
Que sente no corazón.

O noso carón amigo
Sempre ten algún cantar,
Unhos versos de consolo
Ou a sua man pra dar.

Con traballo e sacrificio
Compra piso para casar
E Irene a sua musa
A musa de namorar.

E feliz noso Manolo
E o amor da o seus froitos
Esperanzas no futuro

Por a chegada dos fillos.

Por os anos dos oitenta
A xente quere asociar
Fúndanse centros galegos
Que Manolo ha publicar.

Galegos en Catalunya
Galegos que son de prol
Teñen oco na súa pruma
Libro un e libro dous.

Colaborando no Centro
Galego de Barcelona
Sempre o carón dos seus libros
Escribindo algunha nova.

Fizo unha labor no Centro
Pra cultura e pra nación,
Pra cada un seu escrito,
Cada feito en narración.

Cada festa no diario
Entrevista a persoeiros
Escrusións con Anxel Fole
Por camiños e por eidos.

Cada verán volta a terra
A terriña que deixou
A raíz fonda que un día
Seu destino lle arrincou,

De Randulfe a Paradela
Novos aires pro escritor
As cousiñas mais sinxelas
Levas ben no corazón.

O bulleiro da cidade
Onde vai a emigración,
Van os versos do poeta,
Poeta pra devoción.

Pobrezas do mundo obreiro
Caciques sen traballar
Canta inxustiza nos homes
Soldada mínima ollar.

Por a febre do diñeiro
Sua empresa ha de cerrar
E Manolo sen traballo
A Lugo ten que voltar.

E nomeado predilecto
En Paradela e o mais,
E profeta na su aterra
Sua verba fai pais.

Xa de volta na Galiza
Que podía disfrutar
Cedo o sino ven levalo
Para nos ter que o chorar.

I anque te fuches estás vivo
Nosos poeta xenial,
Estás vivo nos teus fillos
E unha viuda ideal.

Cada ano no teu nome
Temos concurso floral,
Teus poemas son exemplo
Poesía universal.

En Paradela a cultura
Leva o teu nome Manoel,
Eres honra pra tua xente
Que te pon no seu verxel.

Todo canto escribiches
Sin material interés
Hora que as Letras Galegas
Veñan a recoñecer.

Esperamos que algún ano
A tua obra celebrar
Día Das Letras Galegas
Recoñeza o teu andar.

*Autor: Alfredo González Vilela
B-25-02-15*